

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



**XUNTA
DE GALICIA**

HOLI GAIÁS

**7 XUÑO
2025**

**+PEQUE
HOLI**

**REGULA-
MENTO**

PATROCINA



COLABORA



A FAVOR DE



**FUNDACIÓN
andrea**
del deporte al ocio por emprendimiento
al largo desarrollo, cultura y cooperación

REGULAMENTO HOLI GAIÁS 2025

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia organizará, o sábado 7 de xuño de 2025, a sexta edición da Carreira Holí Gaiás, unhas probas lúdicas que empregarán polvos certificados **Holí Gulal** de cores durante o percorrido, así como animación musical e zumba, tanto antes como despois da mesma.

As probas estarán suxeitas ao seguinte regulamento:

1. Poderán participar atletas federados e non federados. As probas estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces (Federación Galega de Atletismo). Está totalmente prohibido correr con animais.
2. A **saída e meta** das probas estará ubicada na Cidade da Cultura (Praza Central).
3. A **hora de inicio** das diferentes carreiras será ás 11:30 h.
4. Nesta sétima edición contaremos por segunda vez cunha **carreira "junior"** destinada a nenos/as nados a partir de 2021 e ate 2016 que poderán correr acompañados dos seus pais/nais ou titores/as.
5. A **idade mínima** para poder participar será a das persoas nadas antes do 31 de decembro de 2021. A organización non se fará responsable dos atletas menores da idade mínima esixida neste regulamento, polo que non poderán participar na proba.
6. Haberá unha proba "junior" e unha proba conxunta infantil-adultos, nas cales as **categorías e horarios** serán os seguintes:

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORA
Peque Holi*	2021 e anteriores + 1 acompañante opcional	700 m aprox.	11:30 h
Infantil	Do 2010 ao 2015	5 km aprox.	12:00 h
Adultos	2009 e anteriores		
ENTREGA DE PREMIOS APROXIMADAMENTE ÁS 13:15 HORAS NO LUGAR DE SAÍDA/META			

(*): Na Peque Holí os/as participantes poderán estar acompañados/as dun adulto, inda que o circuito estará totalmente pechado e contará coa seguridade necesaria para que poidan correr sós.

INSCRICIÓNS

Os **prezos** da inscrición serán os seguintes dependendo das categorías:

- Peque Holi: 4 € / neno/a*
- Resto de probas: 6 € / persoa*

(*): Un euro de cada inscrición irá destinada á Fundación Andrea, que traballa con nenos e nenas con enfermidades crónicas, de longa duración ou terminais.

Contarán cun desconto do 20% na cota de inscrición para os seguintes colectivos**:

- Membros do Club Gaiás.
- Persoas xubiladas.
- Persoas en situación de desemprego.
- Persoas con discapacidades.
- Familias numerosas.
- Titulares do carné de estudante.
- Carné Xove.

(**): A documentación que acredita a bonificación será requirida polo departamento de carreiras galegas da Federación Galega de Atletismo (info@carreirasgalegas.com).

Na Peque Holi cada inscrito poderá levar un acompañante adulto, reflexando o dni e nome e apelidos do mesmo na inscrición (como titor/a ou acompañante). Este acompañante terá a súa inscrición gratuita.

As persoas interesadas na carreira deberán cubrir o formulario cos datos requeridos e finalizar o proceso de inscrición en **www.carreirasgalegas.com**

Máis información en:

www.carreirasgalegas.com

www.atletismo.gal

www.cidadedacultura.gal

A organización establecerá un límite de **1150 participantes** entre todas as probas. **A distribución de prazas será de 850 prazas para a proba de 5 km e 300 prazas para a Peque Holi.** Unha vez chegada a esa cifra pecharase a pasarela de inscrición.

Para calquera dúbida ao respecto do proceso de inscrición poderán poñerse en contacto no teléfono 881 997 584 (Centraliña Cidade da Cultura de Galicia), ou no correo electrónico actividades.cdc@xunta.gal

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido, marcado para o mércores 4 de xuño ás 23:59 h nin se admitirán inscricións o día da proba.

PREMIOS

Existirán premios para:

- 3 primeiros clasificados na categoría infantil masculina. (5 km aprox.).
- 3 primeiras clasificadas na categoría infantil feminina. (5 km aprox.).
- 3 primeiros clasificados na categoría adulta masculina. (5 km aprox.).
- 3 primeiras clasificadas na categoría adulta feminina. (5 km aprox.).

A proba de 700 m non será competitiva co cal non terá trofeos.

DORSAIS DE PARTICIPACIÓN

A recollida de dorsais de participación realizarase nos seguintes prazos e lugar:

- LUGAR: Cidade da Cultura de Galicia, Edificio do Museo, Sala Rega 1.
- Horarios e datas: **Venres 6 de xuño** de 16:30 h a 20:30 h.
Sábado 7 de xuño de 9:30 h a 11:00 h para a Peque Holi e
ás 11:30 horas para a carreira de adultos.

Recoméndase recoller o dorsal o venres 6 de xuño para evitar aglomeracións de última hora o día da carreira. As persoas que non participen na carreira pero desexen colaborar coa Fundación Andrea, poderán adquirir o dorsal 0, cuxa recadación irá destinada de forma íntegra á Fundación Andrea en www.carreirasgalegas.com

CIRCUÍTOS

Os circuítos estarán publicados nas páxinas webs www.carreirasgalegas.com e www.atletismo.gal de xeito previo á celebración das probas.

- A organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento. **Queda totalmente prohibido correr na proba sen estar previamente inscrito.**
- Todo o non recollido no presente regulamento rexerase pola normativa de probas en ruta da FGA e da RFEA en vigor.

RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade. A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

CONFORME E AUTORIZACIÓN DE DATOS E IMAXES

Todos os corredores e corredoras mediante a aceptación expresa no proceso de inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Igualmente coa inscrición, os participantes consenten que a publicación do seu nome e imaxe sexa cedida a terceiras entidades colaboradoras da carreira para a publicación en medios de comunicación e/ou internet aos únicos efectos de difundir e promover de forma específica ou xenérica a actividade e os resultados da mesma. Para este fin, as entidades colaboradoras poderán contratar a profesionais que se encarguen de facer fotografías e vídeos o día da actividade.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente mediante a aceptación expresa no proceso de inscrición que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
Finalidades do tratamento	Difusión e promoción de actividades da Cidade da Cultura, traslado dos datos á Federación Galega de Atletismo para a entrega de dorsais, as clasificacións e a tramitación do seguro.
Lexitimación para o tratamento	Consentimento das persoas interesadas.
Persoas destinatarias dos datos	Persoal do Departamento de Acción Cultural e persoal da Federación Galega de Atletismo.
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificara e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.

PERCORRIDO DA CARREIRA

GAIÁS, CIDADE DA CULTURA

